BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Martes, 6 de marzo de 2018
Núm. 46

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## PONTEAREAS

### Subvencións e axudas

*APROBACIÓN DAS BASES DE AXUDAS A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL 2018*

*ANUNCIO*

O alcalde de Ponteareas na resolución de data 23 de Febreiro de 2018, acordou Prestar aprobación as BASES REGULADORAS PARA CONCESIÓN DE BOLSAS AOS DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL 2018 , como figuran redactadas a continuación e abrir a convocatoria así como Publicar as mesmas no Taboleiro de anuncios municipal, na páxina web do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. O prazo de admisión de solicitudes será de 15 días habiles a contar dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

**BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS AOS DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL 2018 – PONTEAREAS**

**PRIMEIRA.—Obxecto da Convocatoria**

O obxecto da presente convocatoria o constitúe a concesión de bolsas a deportistas de alto nivel do Concello de Ponteareas, co fin de facilitar aos deportistas de elite a práctica deportiva e a súa participación nas competicións de alto nivel, acadando así valorar a súa especial dedicación ao deporte e á súa vez á difusión que realizan da vila de Ponteareas en aqueles eventos deportivos de carácter nacional ou internacional.

As bolsas consistirán nunha cantidade en metálico.

A dotación máxima por deportista será a establecida no cadro de baremación de concesión de bolsas deportivas. A contía máxima destinada a esta convocatoria é de OITO MIL EUROS (8.000€), con cargo aos presupostos do Concello de Ponteareas, para o exercicio 2018 na aplicación orzamentaria 34000-48903.

No caso de presentarse máis solicitudes que cumpran os requisitos nestas subvencións do que presuposto existente (8000 €) outorgaranse a aqueles deportistas que participasen nunha competición de maior importancia, quedando o resto como “suplentes”.

Esta subvención é compatible con calquera outra que se reciba das distintas administracións.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

**SEGUNDA.—Requisitos Xerais**

Para poder ser incluído/a no Plan de Bolsas Deportivas para Deportistas Individuais, os/as solicitantes deberán cumprir todos e cada un dos seguintes requisitos:

1.—Ter nacionalidade española, ter mínimo 16 anos cumpridos á data na que tivese lugar a competición pola que concorre a estas bases.

2.—Estar empadroado no Concello de Ponteareas a data de aprobación destas bases e telo estado con anterioridade polo menos dous anos.

3.—Estar considerado deportista de Alto Nivel Galego ou Nacional no ano 2017.

4.—Estar en posesión da correspondente licenza federativa no 2017.

5.—Ter participado en calquera competición de carácter oficial con recoñecido prestixio a nivel nacional ou internacional das recollidas na táboa anexo de baremación no 2017.

6.—Non ter obtido outra axuda ou bolsa deportiva concedida polo Concello de Ponteareas durante o ano 2017.

7.—Non ser beneficiario de Bolsa ADO no ano 2017.

8.—Será indispensable, para optar á concesión da bolsa, ter xustificado a concedida, se é o caso, o ano anterior.

9.—Non estar incurso en causa de exclusión ou prohibición do artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

10. Atoparse ao corrente das obrigas tributarias e seguridade social do Concello e con calquera outra administración.

Todos estes requisitos deberán estar debidamente xustificados.

**TERCEIRA.—Documentación, formalización e presentación das solicitudes**

3.1.—As solicitudes formalizaranse en impreso oficial, estando a disposición dos interesados no rexistro do Concello de Ponteareas ou no Departamento de Deportes.

3.2.—O prazo de presentación das solicitudes será de quince días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3.3.—Os méritos que se avaliarán para esta convocatoria son aqueles referentes ao ano 2017.

3.4.—As solicitudes achegarán os seguintes documentos de cada un dos deportistas propostos/as. No caso de que o deportista sexa menor de idade, a responsabilidade ao presentar a documentación será do pai, nai ou titor deste.

a/ Fotocopia compulsada por ambas as dúas caras do Documento Nacional de Identidade.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

b/ Certificado expedido polo CSD ou pola Secretaría Xeral para o Deporte no que se acredite a condición de Deportista Alto Nivel Galego ou Nacional para o 2017 ou no seu defecto, número do Diario Oficial de Galicia ou do Boletín Oficial do Estado onde veña acreditada dita condición.

c/ Fotocopia compulsada da Licenza Federativa do ano 2017.

d/ Memoria da actividade deportiva realizada durante o ano 2017 onde quede salientado a participación en torneos ou competicións, dos indicados no punto 5 dos requisitos xerais.

e/ Certificado da correspondente Federación Provincial, Autonómica ou Nacional onde se fagan constar as clasificacións e/ou marcas conseguidas polo deportista durante a tempada 2017.

f/ Declaración xurada das bolsas, axudas e/ou remuneracións económicas que obtivese ou solicitase no período desta convocatoria.

g/ Certificado de empadroamento.

3.5.—O incumprimento dalgún dos requisitos xerais establecidos na Base Segunda, determinará a exclusión do solicitante para ser beneficiario/a, con preclusión do seu dereito de ser incluído como posible adxudicatario/a da bolsa, así como se lle terá desistido da súa solicitude sen máis trámite.

3.6.—Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, poderá requirirse ao solicitante, no prazo improrrogable de dez días hábiles, para que achegue a documentación omitida ou modifique no seu caso a presentada se resultase procedente.

3.7.—Transcorrido o devandito prazo e sen cumprir as condicións terase por desistido a solicitude presentada.

3.8.—Toda a documentación presentada se entenderá confidencial e de uso reservado do Concello de Ponteareas.

3.9.—En calquera caso, a Comisión de Valoración do Concello de Ponteareas valorará a documentación achegada polos solicitantes, que será proposta para a súa aprobación polo Alcalde do Concello de Ponteareas ou persoa en quen delegue.

**CUARTA.—Obrigacións dos beneficiarios**

— Levar a cabo a actividade obxecto da bolsa segundo as condicións establecidas.

— Someterse a cantas actuacións de comprobación e control se consideren necesarias por parte do Concello de Ponteareas, achegando toda a información que lle sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.

— Cumprir coa Lei Antidopaxe vixente (se o Concello de Ponteareas o considera pertinente, o beneficiario virá obrigado a acreditar o cumprimento mediante informe/certificado médico).

— Comprometerse a obrar e cumprir, en todo momento, con regras e valores do “Xogo Limpo”, publicados polo Consello Superior de Deportes.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

- Levar a imaxe de Ponteareas, ou calquera outra imaxe institucional do Concello de Ponteareas que o Concello determine, tanto na súa indumentaria coma nalgún outro elemento susceptible de imaxe.
- Colaborar coa Concellería de Deportes naqueles programas deportivos para que sexan requiridos para os efectos de promoción e extensión deportiva.
- Participar en eventos deportivos con fins benéficos e/ou promocións organizadas e/ou participadas pola Concellaría de Deportes, sempre que pola Concellería de Deportes sexa requirido, salvo causa xustificada.
- Achegar informe do desenvolvemento da súa actividade deportiva cada vez que pola
- Concellaría de Deportes sexa requirido.
- Comunicar á Concellaría de Deportes a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade, sempre que lle sexa requirido.

**QUINTA.—Procedemento de concesión, órgano de instrución, Comisión de Avaliación e resolución**

1. A concesión das bolsas realizarase polo sistema de concorrencia competitiva.

2. O órgano encargado da instrución do procedemento será o encargado do Departamento de Deportes do Concello de Ponteareas que acordará todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución.

3. Todas as notificacións derivadas das actuacións de instrución se realizarana través do taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas, na páxina web e a través de notificación persoal.

4. Mediante proposta de resolución do Alcalde ou persoa en quen delegue, publicarase na localización web, no taboleiro de anuncios do Concello e a través de notificación persoal, a relación provisional das solicitudes presentadas, admitidas e excluídas, con expresión da causa de exclusión e necesidade de subsanación no prazo de dez días hábiles dende o seguinte á publicación. En caso de non emendar a causa de exclusión terase por desistida a solicitude.

5. Unha vez transcorridos os prazos de emenda publicarase nos mesmos medios a relación definitiva de admitidos e de excluídos.

6. O órgano instrutor, como órgano instrutor, elaborará un informe previo sobre as solicitudes admitidas que se lle trasladarán á Comisión de Avaliación.

7. A Comisión de Avaliación estará integrada polos seguintes membros:

*Presidente:* O concelleiro de Deportes ou persoa en quen delegue.

*Secretaria:* O secretario xeral do Concello ou persoa en quen delegue.

*Vocais:* O interventor xeral do Concello ou persoa en quen delegue, a tesoureira municipal ou persoa en quen delegue, e un traballador municipal.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

Á hora da Valoración, poderá estar presente calquera membro do goberno así como outros técnicos que a Comisión de Valoración estime oportuno, todos eles con voz pero sen voto.

8. Á vista do informe do instrutor do expediente, da proposta de resolución formulada pola Comisión de Avaliación, o Alcalde ditará resolución comprensiva dos seguintes extremos:

— Relación de solicitantes aos que se lle concede subvención.
— Contía concedida. (Se a cantidade presupostada fose inferior ao número de solicitudes presentadas merecedoras de obtención de becas, a Comisión de Avaliación poderá proceder ao prorrateo entre os beneficiarios da subvención á vista do informe do instrutor e proposta da comisión de avaliación).
— Mención expresa de que as restantes solicitudes se entenderán desestimadas.
— Recursos que se poderán interpoñer contra esta e prazo de presentación destes.
— Calquera outra condición particular que deba cumprir o beneficiario.

9. A publicación na localización web e no taboleiro de anuncios do Concello substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos segundo a Lei de procedemento administrativo común.

10. O prazo máximo de resolución serán contados de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de solicitudes. Se transcorrido o devandito prazo non tivese recaído resolución expresa, as solicitudes presentadas poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo, sen prexuízo da obriga de resolver.

**SEXTA.—Abono e Xustificación da bolsa**

Para xustificar a bolsa concedida, os deportistas beneficiarios deberán presentar a documentación xustificativa da mesma antes dos quince días seguintes da publicación da resolución definitiva.

Os beneficiarios acreditarán o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención coa presentación da seguinte documentación no Rexistro Xeral do Concello.

A citada documentación compoñerase de:

Modelo: Memoria de Actividades.

Modelo: Xustificación da subvención.

Para a xustificación da realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención haberá que presentar:

a/ Calendario oficial das competicións nas que se participou no 2017.

b/ Xustificante de inscrición nas probas nas que se participou xunto cos resultados obtidos en ditas probas, así coma a clasificación final mediante certificado expedido pola federación correspondente. No caso de que esta información se poida obter a través da páxina web da federación correspondente, poderá acreditarse a través deste medio. Deberán constar as datas e o lugar de realización.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

Modelo: Memoria económica indicando os gastos realizados e os ingresos obtidos, xunto cos documentos xustificativos dos gastos realizados (empregando para elo o modelo conta xustificativa).

Os xustificantes presentados deberán ser por unha contía global igual ou superior ao conxunto de todos os gastos previstos. A xustificación do importe concedido entenderase realizada de forma global, sempre que se realice o proxecto presentado para as que se solicita subvención, de non ser así, reducirase a subvención no importe concedido para esa actividade non realizada.

Os gastos acreditaranse:

Con carácter xeral, mediante facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos legalmente que se correspondan a prestacións realizadas durante o período subvencionable do exercicio 2017. Presentaranse os documentos orixinais. En cumprimento co establecido no artigo 28.3 da Lei que a mesma foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención por parte do Concello de Ponteareas. No caso de presentar fotocopias, deberá entenderse a dilixencia antes de facer a copia.

Elementos que deben incluírse nunha factura (segundo o establecido no RD 1619/2012),

1º.—Relación de facturas ou documentos equivalentes presentados para xustificar a Bolsa concedida, que estarán seladas pola empresa, coa acreditación de estar aboadas (Segundo o establecido no RD 1619/2012, de 30 de novembro).

2º.—Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa a nome do beneficiario; orixinais.

Considéranse gastos válidos para xustificar a bolsa concedida:

Gastos derivados da adquisición e compra de material e equipamento técnico deportivo para o adestramento e a competición. Este material non poderá ser inventariable.

Gastos derivados dos desprazamentos necesarios para a consecución dos obxectivos deportivos previstos, que estarán debidamente xustificados.

Revisións médicas, probas de esforzo, e outros que poidan ser recoñecidos como indispensables para a consecución dos obxectivos deportivos previstos.

En ningún caso se terán en conta as facturas derivadas de produtos farmacéuticos e protésicos.

3º.—Declaración Responsable de que o solicitante se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias tanto estatais coma municipais e de Seguridade Social (Modelo Anexo II). No caso dos menores de idade, será o pai, nai ou titor quen realice a declaración.

Presentada polo beneficiario a documentación xustificativa, procederase á revisión desta,devolvéndose ao interesado, en caso de non ser conforme ao establecido na normativa aplicable.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

4º.—Certificado bancario de número de conta.

5º.—Declaración xurada de que os gastos xustificados foron realizados nos adestramentos ou competicións especificados.

Transcorrido o prazo de xustificación da bolsa, sen que se realizara correctamente dito trámite, a Concellaría de Deportes procederá a requirir o Beneficiario para que nun prazo de dez días hábiles dende a recepción do requirimento, presente a referida xustificación da Bolsa, apercibíndoo que no caso contrario, se producirá a perda do dereito ao cobramento da Bolsa, procedendo o reintegro no seu caso da cantidade aboada como anticipo.

**SÉTIMA.—DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

1º.—A presentación de solicitude de bolsa leva implícita a autorización ao Concello de Ponteareas para que publique na súa páxina web a relación de beneficiarios/as e o importe das bolsas concedidas, coas excepcións previstas nas leis.

2º.—De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, sobre Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase ao/á beneficiario/a que os datos facilitados acorde con estas bases pasarán a formar parte dun ficheiro, automatizado o non, con Datos de Carácter Persoal, cuxo responsable é o Concello de Ponteareas.

Mediante a presentación da solicitude, o/a beneficiario/a autoriza ao Concello de Ponteareas para que utilice os Datos Persoais que aquel proporcione do seguinte xeito:

- Os datos que correspondan, poderán ser facilitados a diferentes administracións públicas, co fin de realizar os trámites necesarios inherentes á tramitación da axuda que motiva a recepción dos datos.
- Os datos persoais que figuren na solicitude poderán ser publicados na páxina web oficial do Concello de Ponteareas, con motivo da tramitación da axuda que motiva a recepción dos datos.

O/a beneficiario/a poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación,cancelación e, no seu caso, o de oposición, de conformidade co establecido na lexislación vixente, dirixíndose por escrito ao Concello de Ponteareas.

3º.—No non previsto nestas Bases Particulares será de aplicación a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; e o Regulamento da Actividade de Fomento deste Concello.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

**PROPOSTA BAREMACIÓN ECONÓMICA EN BOLSAS DEPORTIVAS
ANO 2018**

| | |
|---|---|
| **GRUPO A** | **900€**<br>**+ 200€ por 2ª medalla**<br>Podio Campionatos do Mundo Absolutos |
| **GRUPO B** | **750€**<br>**+ 200€ por 2ª medalla**<br>Posto 4º ao 9º en Campionatos do Mundo Absolutos<br>Podio en Campionatos de Europa Absoluto<br>Podio en Copas do Mundo Absoluto |
| **GRUPO C** | **400€**<br>Participación no Campionato do Mundo Absoluto<br>4º ao 9º Campionato de Europa Absoluto<br>Podio Campionatos do Mundo Categorías non absolutas<br>Podio Copas de Europa Absoluto<br>4º ao 9º Copa do Mundo Absoluto |
| **GRUPO D** | **300€**<br>Participación no Campionato de Europa Absoluto<br>4º ao 9º Campionatos do Mundo categorías non absolutas<br>Podio Campionatos de Europa categorías non absolutas<br>4º ao 9º Copa de Europa Absoluto |
| **GRUPO E** | **200€**<br>Participación Campionato do Mundo categorías non Absolutas<br>4º ao 9º Campionatos de Europa, categorías non absolutas<br>Podio Campionato de España Absolutos |
| **GRUPO F** | **100€**<br>Participación Campionatos de Europa,categorías non absolutas<br>Podio Campionato de España categorías non absolutas |

- (1) Non absoluto se consideran as categorías de idades: Sub23/Promesa/Xuvenil/Júnior nas súas respectivas federacións.
- (2) As competicións han de ser de ámbito federativo.
- (3) Se considera "podio" aos 1º, 2º e 3º clasificados nos Campionatos de carácter oficial e de máxima categoría.
- (4) Participación nos distintos campionatos implican quedar a partir do 10º posto na clasificación xeral final.
- (5) En ningún caso as Bolsas son acumulativas, valorándose os méritos de maior rango no cadro de baremación.
- (6) Tampouco serán acumulativas as bolsas por logros conseguidos dentro do mesmo grupo do cadro de baremación, na mesma especialidade deportiva.
- (7) Nos grupos A e B, obter unha segunda medalla no mesmo campionato, noutra categoría, modalidade ou distancia, sumará a cantidade estipulada no cadro.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

# BECAS DEPORTISTAS PONTEAREÁNS DE ALTO NIVEL 2018

## 1. DATOS DO SOLICITANTE / REPRESENTANTE

| | | |
|---|---|---|
| APELIDOS E NOME: | | DNI / PASAPORTE: |
| NACIONALIDADE: | DATA DE NACEMENTO: | SEXO: |

***DOMICILIO***

| | | |
|---|---|---|
| TIPO VIA: | NOME: | Nº: |
| CONCELLO: | PROVINCIA: | CÓD. POSTAL: |
| TLFNO FIXO/MOBIL: | CORREO ELECTRÓNICO: | |

***DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE***

| | | |
|---|---|---|
| APELIDOS E NOME: | | DNI / PASAPORTE: |
| NACIONALIDADE: | DATA DE NACEMENTO: | SEXO: |
| MOTIVO DA REPRESENTACIÓN: | | |

***DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS (INDICAR SI É DISTINTO DO ANTERIOR)***

| | | |
|---|---|---|
| TIPO VIA: | NOME: | Nº: |
| CONCELLO: | PROVINCIA: | C. P.: |
| TLF. FIXO/MOBIL: | CORREO ELECTRÓNICO: | |

## 2. DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

- ☐ FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI
- ☐ CERTIFICADO ACREDITATIVO OU Nº DO DOGA O BOE DA CONDICIÓN DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL GALEGO OU NACIONAL
- ☐ FOTOCOPIA COMPULSADA DA LICENZA FEDERATIVA DO ANO 2017 SEGUNDO PROCEDA
- ☐ MEMORIA DA ACTIVIDADE DEPORTIVA DO ANO 2017, na que se incluirá Nivel de competición (autonómico, nacional, internacional), categoría de competición (absoluta, previa absoluta..); orzamento de Gastos ingresos previstos.
- ☐ DECLARACIÓN XURADA DAS BOLSAS, AXUDAS E/OU REMUNERACIÓNS ECONÓMICAS OBTIDAS OU SOLICITADAS NO ANO 2017
- ☐ CERTIFICADO DA FEDERACIÓN CAS CLASIFICACIÓNS DAS MARCAS ACADADAS NO ANO 2017
- ☐ DOSSIER FOTOGRÁFICO

## 3. GRUPO DE ACTIVIDADE BOLSA

| GRUPO A | GRUPO B | GRUPO C | GRUPO D | GRUPO E | GRUPO F |
|---|---|---|---|---|---|
| ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |

## 4. DECLARACIÓN

A persoa abaixo asinante DECLARA baixo a súa expresa responsabilidade, que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, e que:

- ☐ Non está incurso en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvención por parte da Administración Pública, recollidos no artigo 13 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; e artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia.
- ☐ Cumpre os requirimentos esixidos nas bases reguladoras
- ☐ Non é beneficiario da Bolsa ADO no ano para o que solicita subvención
- ☐ Esta empadroado no Concello de Ponteareas na data de aprobación das bases e estivera con anterioridade cando menos dous anos
- ☐ Que a data da convocatoria non está sancionada por infracción grave o moi grave, que adquirira firmeza, por dopaxe, conduta antideportiva, o por actuacións que tiveran como consecuencia a privación da licenza, a suspensión da mesma por periodo superior a seis meses ou a expulsión definitiva da competición.
- ☐ Asemade, declaro que o solicitante encóntrase ao día nas súas obrigas co Axencia Tributaria (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social.

COMPROMÉTESE a:

- ☐ Cumprir as obrigacións e requirimentos esixídos polas presentes bases, e a aportar a documentación esixida nas bases reguladoras, así como a requirimento do órgano instrutor, a documentación acreditativa dos méritos e requirimentos alegados.

Y SOLICITA lle sea concedida a beca referida.

En: ______________________, a _______ de ________ de 2018

A PERSOA SOLICITANTE / REPRESENTANTE

Fdo.: ____________________________________

CONCELLERÍA DE DEPORTES

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

CONCELLERÍA DE DEPORTES

| | |
|---|---|
| | |
| **Acompañase:** | |
| ☐ Calendario oficial das competicións nas que se participou | |
| ☐ Xustificante de inscrición nas probas nas que se participou xunto cos resultados obtidos en ditas probas, así como a clasificación final mediante certificado expedido pola federación correspondente. No caso de que esta información se poida obter a través da páxina web da federación correspondente, poderá acreditarse a través deste medio. Deberá constar as datas e o lugar de realización. | |
| ☐ Documentación acreditativa da condición de beneficiario do Concello de Ponteareas nas competicións obxecto da convocatoria.(fotos, prensa, vídeos…) | |
| ☐ Que a licencia federativa foi tramitada a través dun club con enderezo social no Concello de Ponteareas | |

Ponteareas, de de 2018

Asdo:

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEAREAS**

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

CONCELLERÍA DE DEPORTES

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| **Obxectivos acadados** | | | | |
| **Colaboración con entidades** | **Entidade** | | **Actividade** | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| **Adestramento** | | | | |
| **Adestrador/a:** | Datos persoais | | | |
| | Titulacións | | | |
| | Experiencia | | | |
| **Persoal de apoio:** | Indicar persoal de apoio e funcións deste persoal. | | | |

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEAREAS**

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

CONCELLERÍA DE DEPORTES

## BECAS A DEPORTISTAS PONTEAREÁNS DE ALTO NIVEL

### MODELO: MEMORIA DE ACTIVIDADES

| **Solicitante (nome e apelidos)** | **NIF** |
|---|---|
| | |
| **Representante** (cubrir en caso de ser o solicitante menor de idade)<br>**Nome e apelidos** | **NIF** |
| | |

**Declaro:**

1.- Que se realizou o proxecto deportivo

2.- Que non se produciron variacións respecto ó declarado na memoria da actividade deportiva presentada coa solicitude. *(marcar o recadro, se procede)* ☐

3.- Que se produciron variacións respecto ó declarado na memoria da actividade deportiva presentada coa solicitude. *(indicar cales, se procede)*

| |
|---|
| |

| **MEMORIA ANO 2017** | | | | **Tipo de competición**<br>**Provincial: P**<br>**Autonómico: A**<br>**Nacional: N**<br>**Europeo: E**<br>**Mundial: M** |
|---|---|---|---|---|
| **Competicións ás que se asistiu** | **LUGAR** | **DATA** | **DURACIÓN** | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEAREAS**

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

CONCELLERÍA DE DEPORTES

BECAS A DEPORTISTAS PONTEAREÁNS DE ALTO NIVEL 2018

MODELO: XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

| Solicitante (Nome e Apelidos) | NIF |
|---|---|
| | |
| Representante (cubrir no caso de ser o solicitante menor de idade)<br>Nome e apelidos | NIF |
| | |

| Enderezo a efectos de notificacións (Rúa, trav, av..., CP e Concello) |
|---|
| |

| Teléfono | Enderezo electrónico |
|---|---|
| | |

En cumprimento co establecido polas bases da convocatoria de *Becas a deportistas Ponteareáns de Alto Nivel 2018*, e unha vez aprobadas por Resolución da Alcaldía as contías iniciais a percibir por parte deste deportista, procédese a presentar a seguinte documentación:

- ✓ **Modelo**: memoria de actividades.
- ✓ **Modelo**: memoria económica.
- ✓ **Modelo**: conta xustificativa.
- ✓ **Certificado bancario orixinal do número de conta corriente**

PONTEAREAS de de 2018

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEAREAS

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

CONCELLERÍA DE DEPORTES

BECA A DEPORTISTAS PONTEAREÁNS DE ALTO NIVEL

MODELO: MEMORIA ECONÓMICA

| **Solicitante (nome e apelidos)** | **NIF** |
|---|---|
| | |
| **Representante** (cubrir en caso de ser o solicitante menor de idade)<br>**Nome e apelidos** | **NIF** |
| | |

Que os gastos totais e ingresos do proxecto ascenderon a un total de:

| **TIPO DE GASTO** | **Euros** |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| **Total** | |

No caso das subvencións achéguese documento acreditativo do ingreso ou copia da resolución

| **PROCEDENCIA DO INGRESO** | ***ESTADO*** | | **IMPORTE** |
|---|---|---|---|
| | ***Concedida*** | ***Pendente*** | |
| Subvención da Deputación (marcar o que proceda) | | | |
| Subvención da Xunta (marcar o que proceda) | | | |
| Subvención doutras entidades (marcar o que proceda) | | | |
| outros (especificar) | | | |
| **Total** | | | |

**Acompañase:**

☐ Documentos xustificativos dos gastos realizados (Conta Xustificativa)

Ponteareas, de de 2018

Asdo:

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEAREAS**

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5

CONCELLERÍA DE DEPORTES

**BECA A DEPORTISTAS PONTEAREÁNS DE ALTO NIVEL 2018**

**MODELO: CONTA XUSTIFICATIVA**

| **Solicitante (nome e apelidos)** | **NIF** |
|---|---|
| | |
| **Representante** (cubrir en caso de ser o solicitante menor de idade)<br>**Nome e apelidos** | **NIF** |
| | |

Presenta a seguinte Conta Xustificativa de aplicación de los fondos percibidos en concepto de beca.

**XUSTIFICANTES DO GASTO REALIZADO:**

| Nº factura | Concepto | Provedor/ empresa | Importe | Data de emisión | Data de pagamento | Importe imputable a Beca |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |

CONCELLERÍA DE DEPORTES

| Nº factura | Concepto | Provedor/ empresa | Importe | Data de emisión | Data de pagamento | Importe imputable a Beca |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| TOTAIS | | | | | | |

Ponteareas, o ______ de ___________________________ de 20___.-

Asdo.:

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEAREAS**

O alcalde de Ponteareas

Xosé Represas Giraldez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:PXE0RL7KA5DLQBY5